



Guía Docente

Datos Identificativos					2011/12
Asignatura (*)	Bases didácticas da intervención logopédica		Código	652G04008	
Titulación	GRAO EN LOGOPEDIA				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Castro Rodríguez, M ^a Montserrat	Correo electrónico	maria.castror@udc.es		
Profesorado	Castro Rodríguez, M ^a Montserrat	Correo electrónico	maria.castror@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da intervención logopédica no ámbito do sistema educativo, a través da adquisición de coñecementos epistemolóxico da pedagogía e a didáctica que sustenta a intervención educativa, así como do desenvolvemento de prácticas baseadas no uso de recursos didácticos para construír una intervención logopédica informada e comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe a favor da inclusión da diversidade que caracteriza o contexto educativo.</p> <p>Ao mesmo tempo queremos afondar na importancia do traballo colaborativo interprofesional, no que participan profesionais e axentes que desenvolven o seu quefacer dentro e/ou fóra da escola. Teñamos en conta que a complexidade de moitos dos problemas que presenta o alumnado arráiganse ou enrédanse nunha causística múltiple que esixe unha intervención globalizada, na que teñen que participar distintos profesionais, que deben traballar en cooperación para dar maior cobertura ás necesidades reais, que incluso chegando o traballo non so ó alumnado senón tamén á familia, sen solaparse, empregando metodoloxías que non sexan contraditorias entre si, evitando deste xeito distorsións na propia percepción do alumnado e favorecendo unha aprendizaxe significativa e útil na súa vida cotiá.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo e análise da escola, da cultura e da sociedade; dos indicadores educativos para atender á diversidade na aula; de propostas didácticas na intervención logopédica e proxectos de traballo orientados á intervención educativa nas necesidades específicas de apoio educativo.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A4	Coñecer e integrar os fundamentos educativos da Logopedia: Procesos de ensino e aprendizaxe.
A16	Coñecer as características diferenciais da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial.
A22	Saber deseñar, programar e avaliar a actuación logopédica.
A23	Coñecer, aplicar e valorar criticamente as técnicas pedagóxicas, así como os recursos metodolóxicos e didácticos para o ensino da linguaxe.
A25	Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais.
A28	Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).
A29	Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.
A30	Coñecer a actuación profesional e os contornos onde se desenvolve a práctica.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B4	Aprender a aprender.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B9	Capacidade de organizar e planificar.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B14	Destreza e empatía nas relacións interpersoais.
B15	Poñer en valor a súa profesión no contorno en que desenvolve o seu traballo.
B22	Traballar de forma autónoma con iniciativa.



B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Comprender o carácter interrelacional da intervención logopédica no marco do sistema educativo segundo a súa estrutura e funcionamento.	A16 A25 A29	B15	C4
Coñecer e manexar criticamente as principais cuestións pedagóxicas e recursos didácticos que permitan desenvolver unha intervención logopédica informada dende unha perspectiva educativa holística e ecolóxica, comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe e do potencial comunicativo de todos e cada un/ha dos destinatarios da súa labor.	A4 A22 A23 A28	B1 B4 B7 B9 B12	C3 C6
Adquirir unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos.	A4	B1 B3	
Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que caracteriza as aulas educativas.	A4 A16	B3	
Asumir a importancia dunha profesionalidade adecuada ó ámbito logopédico no contexto escolar, valorando a importancia da investigación como ferramenta imprescindible para o coñecemento.	A29 A30	B3 B11 B14	C7
Apreciar as implicacións do desenvolvemento logopédico a nivel individual e colectivo das persoas con necesidades específicas de apoio educativo.	A29	B3 B22 B23 B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I. Escola, cultura e sociedade.	1.1. Ensinanza obrigatoria: perspectivas educativa e social. 1.2. Interrelacións entre sociedade, cultura e escolarización. 1.3. Propostas actuais da relación educativa entre cultura e interculturalidade. 1.4. A escola como camiño de igualdade e inclusión social. 1.5. Diversidade socio-cultural e propostas educativas. 1.6. Estrutura e desenvolvemento da escola como organización. 1.7. Outras institucións e profesionais que colaboran coa escola.
MÓDULO II. Indicadores educativos para atender á diversidade na aula.	2.1. Modelos educativos de aula facilitadores da diversidade. 2.2. O traballo cooperativo como paradigma de integración. 2.3. A xestión eficaz da aula en contextos de inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. 2.4. Plans de traballo personalizados e integrados.



MÓDULO III. Propostas didácticas na intervención logopédica.	<p>3.1. Ámbitos de actuación dos profesionais da logopedia no sistema educativo.</p> <p>3.2. O traballo colaborativo dos equipos interprofesionais como elementos esenciais para a busca de respostas integrais ás demandas alumnado con NEAE e das súas familias.</p> <p>3.2. A repercusión das decisións tomadas nos diferentes niveis de concreción na práctica logopédica na escola. O traballo coordinado entre os profesionais da logopedia e da audición e linguaxe.</p> <p>3.3. Os diferentes compoñentes del curriculum e función das adaptacións curriculares no ámbito logopédico.</p> <p>3.4. Tipos de medidas de atención ás necesidades logopédicas.</p> <p>3.5. Procesos avaliativos das alternativas didáctico-logopédicas.</p>
MÓDULO IV. Proxectos de traballo en torno ás necesidades específicas de apoio educativo.	<p>4.1. Exemplos de proxectos educativos na intervención educativa.</p> <p>4.2. Elaboración de propostas educativas con atención específica ás necesidades educativas específicas do alumnado.</p> <p>4.3. A conceptualización da calidade educativa nas propostas de intervención.</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba de resposta breve	1	3	4
Sesión maxistral	17	17	34
Análise de fontes documentais	6	12	18
Discusión dirixida	4	6	10
Estudo de casos	4	6	10
Traballos tutelados	8	26	34
Aprendizaxe colaborativa	2	8	10
Mesa redonda	2	3	5
Portafolios do alumno	3	12	15
Solución de problemas	2	4	6
Xogo de rol (role playing)	2	0	2
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba de resposta breve	Esta proba consistirá en que o alumnado expoña as súas reflexións sobre aspectos concretos da materia.
Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introducción de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento adquirindo progresivamente autonomía na toma de decisións sobre a propia aprendizaxe.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introductoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas e experimentais.</p>
Análise de fontes documentais	As fontes documentais serán a base de referencia sobre o tratamento dos contidos que se abordarán en torno aos diferentes núcleos temáticos da materia. Empregaranse documentos audiovisuais e bibliográficas relevantes sobre a materia con actividades específicas deseñadas para a análise dos mesmos.



Discusión dirixida	Mediante esta dinámica abordanse diversas temáticas orientadas a que o alumnado reflexione sobre a importancia da inclusión da diversidade, atendendo aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa.
Estudo de casos	As actividades de estudo de caso versarán sobre a presentación de situacións centradas no ámbito educativo para a súa análise dende a óptica da intervención dos profesionais da logopedia de maneira integrada cos demais profesionais que realizan o seu labor no contexto educativo.
Traballos tutelados	En torno aos diferentes temas propoñeráse a realización de pequenos traballos de grupo que se iniciarán na aula e que logo deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora aos diferentes grupos. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos. Con esta modalidade de traballo, tamén pretendemos aproximarnos aos ámbitos de interese do alumnado.
Aprendizaxe colaborativa	Tendo en conta que nos atopamos na facultade de CC. da Educación con esta dinámica preténdese que o alumnado de logopedia poida realizar un breve traballo conxunto co alumnado das especialidades de EI e/ou de EP e ou AL. En pequenos grupos tratarán de identificar cales serán as súas funcións, contribucións ao traballo que se poida realizar dentro e fóra da escola co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Mesa redonda	Un dos aspectos fundamentais da materia e fomentar no alumando o achegamento ao ámbito e aos profesionais que traballan co neno/a que presenta dificultades no seu desenvolvemento persoal. Por eso o alumnado participará na reflexión cos profesionais, familias e persoas que precisan/ron apoio especializado. Para elo realizarase unha dinámica de debate, elección e búsqueda de persoas que nos expoñan as súas reflexións sobre o traballo co alumnado con necesidades específicas de apoio ordinario, dentro e fóra da escola. O propio alumando unicersitario, terá que colaborar na organización da actividade e no seu desenvolvemento, a través da participación no debate.
Portafolios do alumno	O portafolios vai ser un instrumento clave para o alumnado durante toda a materia. Sobre todo preténdese que a partir da recolleita da información, reflexione e enriqueza os contidos que lle achega a materia, tratando deste xeito de irse aproximando aos seus propios intereses como futuro profesional da logopedia, sen perder a perspectiva de que o seu traballo debe formar parte do desenvolto por equipos interdisciplinares, que traballan dentro e fóra da aula.
Solución de problemas	Aproveitando as fontes documentais, os estudos de caso e outras experiencias, procuraremos que o alumnado aumente os seus coñecementos e desenvolva as súa creatividade. Tendo en conta que os resultados da intervención no eido educativo son variables e están condicionadas por distintas cuestións e circunstancias, as solucións a un mesmo problema poden ser moi diferentes. Partindo desta idea, achegarémonos a distintas posibilidades de abordar unha proposta de intervención concreta, tratando de identificar os elementos que converxen en cada caso, así como os modelos de intervención.
Xogo de rol (role playing)	En relación coa actividade de aprendizaxe cooperativa e a mesa redonda, realizarase na aula un xogo de rol onde o alumnado terá que asumir diferentes roles, amosando actitudes, accións e reflexións que poidan adoptar os distintos axentes que participan no proceso educativo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa Mesa redonda Portafolios do alumno Solución de problemas Xogo de rol (role playing)	A atención personalizada é moi importante no desenvolvemento da materia, tendo en conta que queremos potenciar o traballo autónomo do alumnado nos contidos básicos da materia, ao mesmo tempo que se pretende que vaia adaptándose ás necesidades e intereses do propio alumnado. De aí a importancia do traballo de asesoramento individual que ten que desenvolver a profesora. Dende o primeiro momento, ao alumnado explicitaráselles as actividades que se van desenvolver ao longo do cuatrimestre, ao mesmo tempo que coñecerán cómo e con qué serán avaliados. Consideramos que isto pode servir de orientación para comprender a materia na súa esencia.

Avaliación



Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	En relación cos estudos de caso valorarase: A comprensión da situación presentada considerando a diversidade e complexidade dos factores que inciden no ámbito educativo. A profundidade de análise atendendo ao marco teórico traballado na materia. Así como a fundamentación das respostas coa axuda das achegas das fontes bibliográficas	20
Traballos tutelados	Valorarase: -O afondamento nos contidos. -Uso da linguaxe específica da temática. -Uso de fontes documentais complementarias e actuais. -Presentación e a claridade da exposición. -Creatividade, orixinalidade e reflexión persoal	30
Portafolios do alumno	-Integración dos contidos abordados na aula -Reflexión e opinión persoal -Ampliación de coñecementos empregando as fontes documentais e investigación persoal. -Aplicabilidade ao teu traballo como logopeda.	30
Proba de resposta breve	-Integración dos contidos traballados na aula. -Reflexión persoal. -Contraste e fundamentación da información coas achegas aportadas dende as fontes bibliográficas recomendadas, así como doutras que considere interesante ao alumnado	20

Observacións avaliación

INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO NON ASISTENTE

Segundo a participación do alumnado na materia, para a avaliación hai dúas opcións: Opción A. Para o alumnado que segue o sistema ECTS, aquel que regularmente asiste/participa nas actividades de clase (80%). Neste caso o sistema de avaliación será o descrito anteriormente a través das actividades de traballos tutelados, portafolios, mesa redonda, xogo de rol e proba de ensaio. Opción B. Para o alumnado que non segue o sistema ECTS, aquel que non asiste/participa regularmente ás actividades de clase (< 80%). Neste caso o sistema de avaliación farase sobre: a) Realización de 4 traballos tutelados. (30%) b) Recensión sobre un dossiér de documentos e experiencias que se deixarán na fotocopiadora da facultade ou que estarán colgados en moodle (20%) c) Unha proba escrita sobre os contidos da materia, cun peso na avaliación do 50%

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías